

O Equipo @ Ourense da Garda Civil informa de que detectou un aumento significativo de suplantacións de identidade para realizar operacións en casas de xogo e apostas *online*.

Ao realizar o borrador da declaración da Renda, a Axencia Tributaria solicita a declaración de ganancias obtidas a través de casas de xogo e apostas Online durante o ano anterior, ou ben chega unha **notificación ao domicilio** en que se lle **reclama** ao cidadán a **tributación** por ganancias obtidas en exercicios anteriores e que non foron declaradas.

Os ciberdelincuentes utilizan os **datos persoais** de terceiros que recompilan de distintas fontes para **rexistrarse nas plataformas de xogo** e apostas Online ante o total descoñecemento por parte das vítimas da suplantación.

A persoa que sexa vítima dun caso destes debe realizar os seguintes pasos:

- A) Acudir a un posto da Garda Civil ou comisaría da policía nacional para presentar unha denuncia para que se inicie a correspondente investigación.
- B) A Dirección Xeral de Ordenación do Xogo (DGOJ) habilitou o correo electrónico dgoj.pascs@ordenacionjuego.gob.es para que sexan comunicados estes feitos, xuntando copia da denuncia presentada.
- C) Contactar coa [Central de Información de Risco](#) (CIRBE) para comprobar que non se contratase ningún outro servizo financeiro coa súa identidade.

Recomendacións para evitar ser vítimas desta figura delituosa:

- 1.- Non facilitar os nosos datos persoais por teléfono sen saber quen os recibe.
- 2.- Non facilitar copias do noso documento de identidade (DNI, NIE, Pasaporte, etc.) sen tomar medidas previas (pixelar as imaxes ou a sinatura para que non se poida facer uso dela, pór marcas de auga para que se saiba que non é o orixinal e toda prevención que impida a súa obtención, sexa por redes sociais ou por outros medios).
- 3.- Non facilitar por teléfono ou outros medios as contraseñas ou códigos recibidos.
- 4.- Non presionar ningún botón ou ligazón ao responder en ningunha indicación de mensaxe automatizada.